Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Alicornio

Tamén chamado Alicor, Alicorno, Alicorne, Alicornia, Licorno, Licornia e Licornio. Probablemente se refira ao do animal mítico chamado Unicornio.

Os cornos ou as raspas de Alicornio combaten o mal de ollo e o meigallo; mesturados con leite e facéndolle tres cruces por riba dáselle a beber ao enfermo. Están indicados contra o tangaraño, as dores de parto e contra as cobras para que non mamen o leite das vacas nin o das mulleres. A serpe que bebe este preparado morre instantánea. Lévanse en estoxos de prata ou latón pendurados do pescozo.

Para curar o coxo das persoas din en Cualedro (Ourense) que é moi bo o corno bendicido de Alicornio pasándoo pola parte dorida facendo cruces e sacudindo.

O máis común é levar o po deste corno no engaste dun anel de prata posto no dedo anular para preparar a chamada "auga de Alicornio". A auga, ou a comida, onde se meta este anel ten a virtude de curar mordeduras, o cuchizo dos porcos e ata fai levedar o pan máis rápido do normal.

En Ocero, no Bierzo, chámanlle Alicor a un cornecho pequeno, propiedade colectiva de toda a aldea. Gárdao na casa a persoa que sabe a maneira de usalo e cando morre esta pásallo a outro que aprendese a sacarlle bo proveito.

Na xoiería Refojo de Lugo, fundada en 1903, facíanse encargos de aneis de alicornio, especialmente indicados contra os ataques epilépticos. Confeccionábanse fundindo prata de □sete marías□, ou sexa, prata que tivesesn

usado sete mulleres chamadas María; e logo poñíaselle un estoxo cun anaco de uña de vacaloura.
Parece que en certa ocasión por non haber a man uña da vacaloura puxeron no seu lugar un anaco dun botón, e que a sortella provocou os mesmos efectos beneficiosos. Cóntao o dono actual da xoiería e manifesta que como proba do éxito do anel recibiron de agasallo uns chourizos. O que non conta, se cadra non o sabe, é de que óso, ou unlla, e de que animal, fora feito o botón sustituto.



BIBLIOGRAFÍA

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos [Alicornio], Xerais, Vigo, 1999.

PIÑEIRO, M. «Locales con solera», en El Progreso, 14 de febreiro de 2005.

RISCO, V., «Miscelánea folklórica», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.